

ENTRAMBAS AGUAS

A REVISTA DEL NAVIA-EO

Número 25 • Outono 2008 • 1,5 €




**ARNOSA - ARANCEDO:
TERRA DE CALEIROS**

**UN MAÑUZO DE RECURSOS PRÁ CLASE
DE GALLEGO-ASTURIANO**

A PARROQUIA DA BRAÑA

**AS ANDOLÍAS.
EL VALOR DA TRADICIÓN ORAL**



- 3 *Armosa-Arancedo: terra de caleiros*
FREDO DE CARBEXE
- 6 *Un mañuzo de recursos prá clase de Gallego-Asturiano*
AURORA BERMÚDEZ NAVA
- 11 *De metáforas y autismo*
RICARDO SAAVEDRA FERNÁNDEZ-COMBARRO
- 12 *A parroquia da Braña*
M^a JOSÉ FRAGA SUÁREZ
- 18 *A importancia da escola rural*
ÁGATA GARCÍA CASTRO
- 22 *El buxío dos sonhos*
ANDRESÍN DE BUAL
- 24 *As andolías. A importancia da tradición oral*
MIGUEL RODRÍGUEZ MONTEAVARO
- 26 AXENDA
- 28 EL ARCO DA VEYA
- 30 EL HOUCHA
Cousas d'Antroido
CONRADO VILLAR
- Serandías*
MARTÍN PÉREZ ÁLVAREZ



Úa vista da parroquia da Braña (El Franco)

Edita
Academia de la Llingua Asturiana
Secretaría Llingüística del Navia-Eo

Colaboran
Fredo de Carbexé
Aurora Bermúdez Nava
Ricardo Saavedra Fernández-Combarro
M^o José Fraga Suárez
Ágata García Castro
Andresín de Bual
Miguel Rodríguez Monteavaro
Martín Pérez Álvarez

Correo y colaboración
Academia de la Llingua Asturiana
Apartao Correos-574
33080-UVIÉU
Tlfn.: 98 521 1837 • Fax: 98 522 6816
alla@asturnet.es
www.academiadelallingua.com

Diseño
Ástur Paredes

Imprime
Gráfinsa • Uviéu
Tlfn.: 985 271 598

Depósito Legal
AS-2103/96

I.S.S.N.
1137-165 X

ENTRAMBASAGUAS nun se fai responsable das opinións espresadas polos seus colaboradores

Se che falta dalgún número pra completar a colección d'Entrambasaguas, pódesho pedir al precio avezao (n^{os} 1-13: 0,90 Euros / n^{os} 14-23: 1,5 Euros), máis os gatos d'envío, al apartao de correos 574 (33080 - Uviéu) ou á dirección de correo electrónico alla@asturnet.es



Academia de la Llingua Asturiana,
Apartao 574, 33080-Uviéu
Fax: (98) 522 6816

Quérome suscribir por 10 números. El importe da suscripción, 15€ (máis gastos d'envío), heilo a pagar contra reembolso del primeiro número que me manden.

Nome _____

Apellidos _____

Dirección _____

Código Postal _____ Lugar _____

Teléfono _____ Fecha _____
firma

ENTRAMBASAGUAS

Pódese mercar en **Navia** (La Villa, Franlu, Arco Iris, Quiosco Los Jardinillos, Quiosco del Muelle), **Xarrio** (Quiosco Hospital), **A Caridá** (Llibreiría Alfonso, Papelería Ana), **Tapia** (Llibreiría Manuel López, Llibreiría Arte) **Castropol** (Ardura), **A Veiga** (Casa Pérez, Llibreiría San Pedro), **Bual** (Llibreiría Pablo), **O Chao** (A Farrapa) y nas principais librerías d'**Uviéu**, **Xixón** y **Avilés**.

ARNOSA - ARANCEDO

Terra de caleiros

Vista del frente del caleiro del Couz, cúa porta pra cebar lleña

↓ Fredo de Carbexé

A existencia d'un estrato de caliza que pasa, nel conceyo del Franco, por Arnosa, As Penas, Andía y Arancedo fai qu'encontremos inda hoi un conxunto de caleiros que dan fe da importancia del cal na vida dos pueblos. En distinto estao de conservación, permítennos reconstruir os pasos da coción da pedra caliza pra ter abono prás terras y morteiro prás paredes das casas, entre os usos máis comunes.



Os *caleiros* son construcións tradicionais prá feitura de cal mediante a coción da pedra caliza, tando entre as utilidades principais da cal a de servir pr'abono das terras (reducindo a súa acidez) y como material prá construción nel sito del barro.

- Tizóis: Pedras de caliza planas retocadas a martello y destinadas á bóveda del forno.
- Pedra dos arquillos: Pedras allargadas, aparecidas ás de forma plana que tein as pontes nos arcos.
- Pedras gordas y miudas: Material pra encher el caleiro porriba da bóveda del forno, hasta sobresalir.

Úa construción llaboriosa

Ferse cúa materia prima del caleiro empezaba col suministro de varios viaxes de pedra caliza qu'implicaban a feitura de canteiras d'esplotación. Utilizáronse barrenas y pequenas cargas de dinamita y, de xeito complementario, el trabayo manual con ferramentas como mazas, picos y barrenas de ferro, dándoseyes forma ás pedras col martello úa vez soltos os bloques. Os tipos de pedras clasificábanse según a súa forma y tamaño en menas:

Úa estrutura cónica chama-deira

A estrutura del *caleiro* básase nun muro de mampostería de pedra resistente al calor, como a arenisca, abundante nel occidente asturiano. El emplazamiento debía deixar fer a escavación d'un foso nel sou interior pra depósito y queima da lleña, col rasante al nivel da porta delantaira.



FREDO DE CARBEIXE

Caleiro del Couz. Vista del arquillo interior al empezo da súa colocación, hasta formar a bóveda porriba del forno

A forma del forno é de base circular, d'alredor de tres metros y medio de diámetro, con úa abertura na cúpula d'algo máis d'un metro y úa altura d'ús tres metros y medio. Nel sou frente presenta úa porta d'entrada en forma de cono truncao a media altura nel muro de pedra. Nel interior del forno, al paño cua porta, ten un arquillo d'ús 20 cm. d'espesor en resalte, pr'asento da primeira filada de pedra caliza nel momento da carga. El nivel inferior da porta del forno dá continuidá a úa furada d'alredor d'un metro de fonda, qu'é a caldeira, unde ha quedar a cinza, pechada en parte durante a coción con cantos que deixan un furadín alxeito das bocas dos fornos tradicionais, sendo renovaos despós de cada coción al quedar rachaos por tanta calor.

Os traballos da carga

A preparación pral funcionamento, a carga del *caleiro*, empezaba pola primeira filada de caliza alliniada porriba del arquillo, filadas cada vez máis salintes pra dentro hasta pechar a bóveda del forno cua pedra chamada clavo, metida a presión nel pico da bóveda pr'aseguralla. Como proba da súa búa feitura, el remate da bóveda tería que coincidir col altura del arco d'entrada al caleiro. Os pasos prá súa construción eran:

- Construción del arquillo qu'enmarca a porta y da bóveda interior, qu'envolvería a lleña na base del forno.
- Relleno de pedra caliza pola parte superior da bóveda, botando a mayor cantidá posible y de distintos gordores.
- Remate da carga, que deixa sobresalindo parte da pedra núa forma de cruz, chamada A Corona, d'algo menos d'un metro d'altura y d'algo máis d'ún de diámetro.

Debe decirse tamén qu'el caleiro iba cambeando d'altura, y a súa corona aguzada durante a coción íbase reduciendo en altura, achanándose hasta el nivel del forno como resultao d'úa mayor mestura da pedra.


Os tipos de lleña máis usaos eran el toxo y as uces, prantas de queima rápida qu'eran amontuadas na veira del *caleiro* y apurridas durante toda a coción, establecida en 36 horas deseguido, con turnos de trabayo de relevos de día y de noite. Asina, as cantidades de lleña consumida núa coción eran gran-



FREDO DE CARBEIXE

Ún dos caleiros d'Arnosa. Vista del arco de riba, por unde s'alimenta úa vez feita a bóveda interior ou arquillo

CALEIROS SITUADOS EN ARANCEDO, ANDÍA, AS PENAS Y ARNOSA



● Caleiro conservado ○ Caleiro desaparecido

des, precisándose ús quince carros de bois pra manter a queima al llargo d'ese día y medio, establecéndose el sou empezo á media noite.

Os llabores del mantemento

Pra fer os traballos necesarios eran precisas cuatro personas: dúas pra preparar os bocaos de lleña y outras dúas pr'apurillos nel caleiro con úa atizadora de mango llargo y dentes curvos de ferro, trabayo feito desde llonxe y medio d'esgueira al fronte da porta pola muita calor que saía. El reparto dos llabores, atizar y remover as brasas, dábase ás personas de máis forza ou habilidá, considerándose máis duro el primeiro llabor pollas altas temperaturas, sendo preciso remover cada media hora; d'ei que xurdisen ditos irónicos como "El máis apoucao pra fer bocao"; ou tamén, en relación col ruxir da queima, "Rumba máis qu'un caleiro".

El proceso pra obter el cal supoñía que despós d'úas 24 horas de coción aparecía el llume entre as pedras da corona del *caleiro*, chamadas morenas, surxindo tamén a espresión "Asoma el llume, ta a medias de cocer". Despós de 36 horas d'arder, con temperaturas d'entre 1.000 y 1.300 °C, a morena xa fora baxando, a corona taba arrentes al entrada da bóveda y el cal xa taría cocido. Tres días despós, abrírase el *caleiro* chamando al vecindario y a posibles compradores.

Pra distribuir el cal requeriase a comprobación previa da súa calidá, esistindo como criterios pra súa selección a facilidá de rayado cua ferramenta de punta fina, salindo ruía a pedra que nun se deixase rayar; tamén foi utilizada a percusión y el escutar el sonido, lloilo como indicio favorable ou pol contrario firme y, pollo tanto, d'úa baxa calidá.

CALEIROS DEL ENTORNO ARNOSA-ARANCEDO

CALEIRO	UBICACIÓN	LLUGAR	CONSERVACIÓN
1 Caleiro d'Arnosa I	Arnosa	Arnosa	Deteriorao
2 Caleiro d'Arnosa II	Arnosa	Arnosa	Aceptable
3 Caleiro del Couz	A Veigotía	El Couz	Aceptable
4 Caleiro da Doctora	A Veigotía	El Couz	Desaparecido
5 Caleiro de Follaranca	Follaranca	Arancedo	Deteriorao
6 Caleiro del Inxartedo	Veiga del Torno	El Inxartedo	Deteriorao
7 Caleiro del Llamazo	Covas da Andía	Andía	Muy deteriorao
8 Caleiro da Nogueira	Covas da Andía	Andía	Deteriorao
9 Caleiro del Pélagio	Covas da Andía	Andía	Desaparecido
10 Caleiro das Penas I	As Penas	As Penas	Deteriorao
11 Caleiro das Penas II	As Penas	As Penas	Deteriorao
12 Caleiro das Penas III	As Penas	As Penas	Deteriorao
13 Caleiro das Penas IV	As Penas	As Penas	Desaparecido
14 Caleiro das Penas V	As Penas	As Penas	Desaparecido

El cal llograo d'úa coción podería rondar as 20 toneladas, con precios de venta que cambiaban col paso del tempo, entre 15 y 30 pesetas fanega (unidá de medida de 50 Kg. propia d'estas mercancías). Tras da venta al pé del caleiro, sería trasportada en carros y apagada con augua al chegar ás casas, producíndose el conocido fervedoiro.

Úa vez apagao el cal, pañaba traza de polvo d'un color abrancazo, usándose como abono botao a mao nas terras de llabradío ou amasao pral sou endurecemento y uso nel mortero pra construción das casas en sustitución del barro. Quizáis fosen ésas as últimas aplicacións d'un sistema na actualidá en desuso. El acabo d'estos llabores nestos pueblos tería llugar nún dos caleiros das Penas, inda hoi en abondo bon estao, que funcionóu por última vez alló nos anos oitenta.



Un mañuzo de recursos prá

clase de Gallego-Asturiano



↓ Aurora Bermúdez Nava

Condo empezaron el sou llabor nos centros d'enseñanza Primaria y Secundaria, os enseñantes de Gallego-Asturiano contaban, casi como únicos recursos, cuas ganas, a voluntá y el empeño d'entregarse al trabayo. Sin currículum oficial, sin materiales didácticos, houbo que botar mao da experiencia como docentes y echar a andar.

Condo fai xa oito anos se me presentou el oportunidade de dar clases de Gallego-Asturiano presentouseme tamén, xoncido a ella, un reto profesional al que nun sabía mui ben cómo m'iba enfrentar.

Axina me din conta de qu'a situación era máis complicada de lo se m'antoxaba al empezo: por un llao quería fer as cousas ben y darye al asignatura el trato riguroso que merece (sempre penséi qu'é úa gran responsabilidade y un honra mui grande poder enseñaryes a os nosos pequenos a llingua dos nosos maiores y conseguir que la sintan como súa); por outro, os nenos demandaban úas clases divertidas, orixinales, que nun yes supuxesen un esforzo máis al hora d'aprender y, pr'acabar d'embolortar as cousas, nun había un currículum oficial del asignatura y os únicos materiales didácticos disponibles eran os que foran amañando os meus predecesores, os maestros qu'empezaran a es-

colarización da fala poucos anos antias, y que pra min supuxeron úa axuda impagable.

É verdá qu'eu tría úa experiencia ás costas como maestra de Llingua Asturiana que me valíu de muito, que me salvóu del naufraxio total como quen dice, pero tamén é verdá que nel caso del asturiano xa había muito camín andao, muitos materiais didáuticos publicaos, ¡se hasta xa había llibros de texto!, que nel caso del Gallego-Asturiano nun se podían nin soñar.

Pois con todas estas bringas tratéi eu d'ir texendo el cesto da mía práctica docente y enseguida xotiaron as dudas sobre se el que taba fendo era lo máis conveniente. Algúas d'esas dudas inda siguen ei, pero a outras fun topándoyes respostas y pararon de medrar.

Sumíuse por exemplo lamar d'axina el planteamento de fer da clase de Gallego-Asturiano úa clase de llingua al xeito tradicional al que tamos avezaos: nun era posible dar explicacións e informacións teóri-

cas sobre gramática, ortografía, morfosintaxis, etc.; nun se podía pensar nos socorridos dictaos, nos exercicios d'inventar frases cuas palabras novas del vocabulario da unidá, nas redaccións sobre temas d'interés ou nas traducións dos correspondentes textos porque os nenos rechazaban de plano estas xeiras.

Ellos tían mui claro qu'iban a clase de fala pra pasallo ben, pra fer algo distinto, y eu tía mui claro qu'ademáis tían qu'aprender, asina que nun quedaba máis remedio qu'atopar os recursos, as estratexas pr'axugar os dous oxetivos. Por suposto qu'eu sabía que nun iba inventar nada y que nun podía esquecer dafeito esas prácticas ás que fixen referencia nel párrafo anterior, pero tía qu'atopar a maneira de combinallas con outras actividades qu'a os nenos yes resultasen motivadoras, que yes entrasen pollos oyos, vaya.

Lo que pretendo con este modesto artículo é contar a mía experiencia neste sentido y, de paso, mostrar a posibilidade d'usar un mañuzo de recursos y estratexas al alcance de cualquiera pra trabayar nel aula de Gallego-Asturiano. Vaya xa por delante el meu convencemento de que cualquier recurso que consiga qu'os nenos s'espresen oralmente ou por escrito na nosa fala é válido y se ademáis consegue que lo fagan con gusto, entoncias el recurso é bon.

En todos estos anos eu fun descubriendo distintas posibilidades, úas miyores y outras máis ruías: a poesía, a espresión plástica en xeneral, el cómic, os contos, as salidas didácticas al entorno ou el entorno que s'achega al aula, el teatro, el teléfono, a cocía, as imáxenes en xeneral, a radio, os xogos, etc. y un pouco d'imaxinación y d'humor pra ir achegando a os nenos, por exemplo, ás normas d'apostrofación ou as contraccións.

Os pequenos xa tein na cabeza, ou pollo menos os maestros intentamos que las teñan, un bon feixe de normas d'ortografía en castellano, asina que nun tán mui dispostos a aprender outras poucas en gallego-asturiano, pero, en cambio, escuitan de mui búa gana a historia del

“FARTÓN”: El fartón sempre ten fame, en conto ye deixan....¡come! Naturalmente

el “fartón” é el apóstrofe, un personaxe morto de fame que vive sempre entre lletras, nos libros, periódicos, revistas, etc. y que por acio d'esta fame de can que sinte come lo que ten a mao, ou sía, lletras.

Peró nun pode comer todas as lletras, as consonantes son muito máis fortes qu'él y nun é quén a papallas, asina que ten que conformarse comendo ás vocales.

Por suposto qu'os nenos nun son tontos y enséguida se dan conta de que nun come a todas as vocales y preguntan a cuáles come y cómo las pode comer. É el momento d'esplicar as normas d'apostrofación seguindo sempre col argumento del noso personaxe protagonista.

Cúntaseyes entoncias que namáis pode atacar ás vocales qu'aparecen nas palabras **DE, QUE, PRA, PA, ME, TE, SE, CHE, sempre qu'a palabra seguinte empece tamén por vocal ou h muda**. Xa se poderá imaxinar que nun s'esplican todos os casos d'úa sentada, senón que cada día se vai presentando ún y asina, pouco a pouco, van conociendo todas as posibilidades d'apostrofación qu'esisten na fala.

Úa pequena axuda pra que nun yes esqueiza ningúna poden ser as regras nemotécnicas, a espresión **pra que de** ou a palabra **méteseche**; el fartón méteseche entre as lletras y esto que che tou contando méteseche na cabeza y nun ch'esqueice xa nunca máis.

Pra tratar as contraccións falamos das **“PALABRAS DE GANCHETE”**

Hai algúas palabras que se volven tollas por tar xuntas, tanto que sempre van mui apegadas úa al outra, como condo dúas personas pasían de ganchete y nun sabes ben cuál é el brazo d'úa y cuál el del outra, parece que son úa sola persona. A estas palabras costaba tanto caro distinguillas que se chegaron a xuntar y formaron úa sola palabra.

Como pasaba cua apostrofación vanse introducindo axeitín os diferentes ca-



Xugando á patefa. Dibuxo de José M. Legazpi (1980).

Pódense introducir na clase xogos tradicionais que muitas veces os nenos nun conocen como a patefa, a pionza, as chapas...

sos de contraccións, empezando polos máis coñecidos y tamén máis asomeños al castellano **al, del, nel...** pra seguir por outros propios del gallego-asturiano.

Outros aspectos que tein que ver cúa ortografía, por exemplo, tratéi d'afianzallos enchendo el aula de carteles nos qu'aparecesen as palabras que m'interesaba qu'aprendesen. É el caso das palabras **SOI, HOI, FOI, MUI, HAI** qu'al contrario de lo que pasa nel castellano nun acaban en y grega, senón en i llatina. A base de vellas escritas na parede algún acaba escribíndolas ben.

De todos é sabido qu'a os nenos yes gusta xogar y é fácil aprofitar esa inclinación natural pra trabayar el vocabulario novo que se vei aprendendo y, dependendo da edá, practicar nel aula diferentes xogos: "*al andruño, abre el puño*" pr'aprender os números, *as palabras encadenadas*, *el scatégoris*, *el pasa palabra*, *os dominós (por exemplo de números y animales)*, *as lleirías*, etc.

Pode combinarse el xogo y a expresión plástica, xa que se son ellos mesmos os que pintan y recortan el dominó ou el tableiro y as fichas pra xogar ás lleirías, van sentirse muito máis interesaos y satisfechos y nun yes van esquecer as novas palabras qu'aprendan col xogo.

Tamén se poden introducir na clase xogos tradicionais que muitas veces os nenos nun conocen y a os que despós s'aficionan: a pionza, a patefa, as chapas, xogos y cancións de corro, a pita polaina, etc.

Á mayoría dos nenos gústanyes **os cómics** y disfrutan muito lléndolos. Úa manera d'aprovetar esto é presentaryes tiras de cómic ou foyas enteras d'úa historieta cos bocadillos valleiros y pediryes qu'imaxinen lo que pasa na historieta y lo que tarán dicindo os personaxes. Poden fer este llabor individualmente ou por parexas, incluso en equipos pequenos, y, desde lo teñan feito, cada ún enseñará a os demais compañeiros el resultado de lo que discurríu. Se se considera adecuao, pr'acabar, poden enseñarseyes os textos qu'aparecían nos bocadillos orixinales.

Un paso máis pra trabayar el cómic consiste en pediryes que plasmen usando viñetas un conto ou un



Conocendo a xeografía d'Asturias

relato breve que se faga nel aula. Suele axudaryes el feito de que s'estableza un número mínimo de viñetas y tamén yes resulta miyor fello en equipo.

Condo son capaces de contar úa hestoria ayía xa se yes pode suxerir qu'inventen ellos a súa propia historieta. É úa xeira complexa, porque tein qu'escoger os personaxes, diseñallos, pensar el guión y redactar os textos, pero os resultados en muitos casos son espectaculares y mui gratificantes pra todos.

As situacións da vida de cadaldía poin al noso alcance recursos estimulantes y nada complicaos de conseguir. **El teléfono** é un aparato tremendamente familiar pra os nenos y que, nel aula, yes axuda a perder a vergonza. Distribuíndolos por parexas podemos pediryes qu'inventen conversacións telefónicas que despós terán que dramatizar delante dos compañeiros. Hai muitas posibilidades, por exemplo poden escoger situacións da súa vida cotidiana na que chaman por teléfono a daquén real (un parente, un amigo, el monitor d'actividades extraescolares,...). Pra empezar tein que poñerse d'acordo col compañeiro, despós discurrir a conversación, escribilla (respetando as normas establecidas pra un diálogo) y, pr'acabar, intentar memorizalla y representalla delante d'un público entregao que son os compañeiros.

Outra alternativa é pediryes qu'asuman a personalidade d'outros y seguir el mesmo proceso. Poden ser el paciente que chama al centro de saúde pra pedir consulta y a persona que ye dá cita, un turista y el encargao da oficina de turismo, un viaxeiro y a axencia na que quer reservar el sou billete, etc.

A todos nos gusta comer y a os nenos chámayes muito a atención todo **el que ten que ver cúa cocía y a manipulación d'alimentos**, por eso pode ser un recurso mui válido.

Podemos escribir úa receta de cocía y despós elaboralla y ¡cómo non!, comella. Os fereixolos, as tartas, as rosquías d'anís tein un éxito bárbaro.

Podemos amañar a carta d'un restaurante imaxinario y xogar despós a ser clientes y camareiros d'ese local. Podemos fer un llibro de cocía nel que cada alumno aporte úa receta, a que máis ye guste a cada ún, por poñer un caso. Podemos incluso inventar algúa receta máxica pra úa ocasión especial;



Os nenos trabayando na clase



El aprendizaxe del Gallego-Asturiano debe tar enreizao nel coñecemento del entorno y as visitas didácticas son el miyor recurso. Na imaxen, el "Museo de la Emigración y la Instrucción Pública" en San Llouguís (Bual)

ASTUR PAREDES

deuse el caso d'inventar us fereixolos y úa tarta col poder de conseguir a paz.

Xa mencionéi antias que se un neno construye el sou propio dominó ou cualquier outro xogo se sente muito máis orguyoso y aprende miyor, por eso eu recurro en muitas ocasións ás actividades plásticas pra llograr os meus oxetivos: fer úas mariquitas cuas prendas que vistían el home y a muyer pr'aprender as pezas da indumentaria tradicional, dar vida a os personaxes d'un conto modelándolos en plastilina ou fendo títeres de varilla pra despós representallo, amañar un mural todos xuntos sobre as cousas que pasan na primavera, fer úa corrada de cartulina cos animais que viven nella, preparar un marcapáxinas especial pral día das lletras, fer un cabás de cartulina y meter nél os materiais que se llevan á escola, construír a maqueta d'un cabazo ou d'un hurro, son actividades que yes permiten miyorar a súa autoestima, a motricidá fina y grabar na memoria el novo vocabulario que trabayamos con cada úa d'ellas.

Eu nun podo entender el aprendizaxe del gallego-asturiano sin qu'este tia enreizao nel entorno y nel coñecemento del mesmo, fundamentalmente dos sous aspectos socioculturales, por eso, sempre que podo, programo visitas didácticas que nos permiten afondar neste coñecemento. A terra d'Entrambasauguas ofrécenos un montón de posibilidades y el resto d'Asturias muitas máis inda.

Como mostra pódese dicir que visitamos a "Casa da apicultura" nel conceyo de Bual, el "Conxunto etnográfico dos Teixóis" en Taramundi, el "Museo etnográfico de Grandas de Salime" y el "Castro del Chao Samartín" nel mesmo conceyo, y tíamos programada úa visita al "Museo del bosque" en Muñalén (Tinéu).

Non sempre podemos salir da escola ver lo que queremos, pero sí podemos atopar a manera de qu'el entorno s'achegue á escola organizando algúa mostra, por exemplo sobre produtos del outono, oficios tradicionales y as ferramentas que s'utilizan en cada ún d'ellos, ou árboles da zona.

Tamén podemos invitar al aula a personas que sían búas conocedoras de temas concretos pra que nos transmitan lo que saben, a súa experiencia sempre valiosa: un guarda rural que sabe muito da fauna da comarca y qu'ademáis ten fotos asgaya, un marineiro que sabe máis que naide d'artes de pesca, un mulleiro, un ferreiro, etc.

Descubrín tamén qu'el teatro pode ser ua ferramenta fantástica pra miyorar a expresión oral y pra ter a os nenos motivados. Xa se poderá entender que falo d'obráis de teatro curtias y sin pretensións literarias importantes, tamén quero deixar craro que dá muito trabayo preparar a representación, ensayar, etc..., pero compensa condo ves cómo nenos tímidos ou con úa competencia oral probe consiguen superar a vergonza y as dificultades y dicir el sou testo con soltura y búa entonación.

Personalmente soi úa apasionada da poesía y sempre me deu congoxa ver cómo muitos nenos la rechazan ou nun s'interesan por ella, a lo miyor por eso tamén tratéi de sacarye partido. Nun hai, de momento, poesía pra nenos en gallego-asturiano, asina que nun tía muchos modelos qu'ofreceryes, pero empezamos por fer cousas facilías como pareaos ou rimas sinxellas pr'algúa ocasión especial.

Tamén probéi a daryes algúa poesía amañada pra úa unidá didáctica en concreto y trabayar sobre ella: recitala, analizar lo que cunta, fer dibuxos que refle-

xen lo que dice el texto, etc. Fixemos eso por exemplo con úa poesía sobre el outono (y vaya por delante qu'é mui mala, pero valíame pra describir un pouco as características d'esa época del ano, os aspectos qu'eu quería trabayar nel aula) y despós, cando chegóu el inverno, os propios nenos, con un pouco d'axuda, discurriron na clase outra poesía sobre esa estación.

EL OUTONO

Pouquinín a pouco
chega úa estación
na qu'os paisaxes
cambían de color.

Os praos tán verdes,
el monte marelo,
os cielos tán grises,
asoma el Nubreiro.

Chove muitas veces,
xipra un vento tolo,
nel pico dos montes
vemos neve y todo.

Muitos paxaríos
fain un largo viaxe,
buscan el bon tempo,
van sin equipaxe.

Outros animais
déitanse a durmir,
mentras haxa frío
nun queren salir.

A terra dá frutos
qu'hai que recoyer,
preparate os cestos
y vamos a ver:
hai noces, mazás,
figos y castañas,
tán maduros el meiz
y as avellanas,
el pan de colobra
medra sin parar,
as uvas na viña
temos que pañar,
as fabas pral pote
na casa han a tar.

TEMPO D'INVERNO

Este inverno ta confundío
medran as flores
y fai pouco frío.

Mui poucas noites
houbo xeladas,
namáis cayéu

ua búa nevada,
outros anos chove muito
y este ano nun chove nada,
pode que sía por eso
que muita xente ta mala,
del gripe ou con un catarro
fungando mocos asgaya.

Algús días xipra el vento
y ponnos tolos un tempo,
vemos el mar enfadao
y os barcos tan amarraos.

Este inverno ta confundío,
nun nos fai falta a bufanda
y el paraugas ta esqueicío.

Xa sei que nun tein calidá, pero tendo en conta qu'os autores da segunda son nenos de 2º de Primaria, que tein 7 ou 8 anos, nun creo que se yes poda pidir muito máis.

A naide ye pode esquecer qu'os contos son un recurso imprescindible nas clases de llingua. Con ellos ábrese un mundo de posibilidades enorme que vai depender das edades dos nenos, das características del grupo, da intención cua que s'use el conto, etc. Un conto pode cuntarse, pode llerse, dramatizarse, representarse con títeres, ilustrarse, plasmar-se como un cómic; pode contarse d'úa sentada ou manter a intriga cuntando ou llando un capítulo en cada sesión; poden buscarse alternativas y propoñer a os nenos que ye inventen outros finais, daryes agá un cachín y pidiryas qu'imaxinen lo que pasa nesa historia...


Ademáis os nenos tamén poden crear os sous propios contos, individualmente, en equipos, por parexas; pódese fer un conto entre todo el grupo ou inventar hestorias disparatadas nas que cada ún aporta un pedacín pra seguir lo que xa empezaran os outros; en fin, qu'as posibilidades nun s'acaban nunca.

Nos dous últimos cursos descubrín el enorme poder motivador y as grandes posibilidades que ten dende el punto de vista didáctico a preparación y posterior grabación del guión d'un programa radiofónico. A radio como recurso didáctico é un mundo en sí mesmo que permite trabayar el aprendizaxe de cualquier idioma d'un xeito completísimo, interrelacionándolo ademáis con outras áreas del currículo y con distintos temas trasversales.

Peró como este artículo xa se ta allargando demasiao nun vou afondar nel proceso da preparación del guión radiofónico porque nun quero acabar aburrindo a naide.

Namáis me queda por dicir qu'éstas son agá algúas das posibilidades; que, por suposto, hai outras muitas y seguramente miyores y que lo ideal sería poder compartillas, poñellas en común, discutillas, porque sempre ven máis cuatro oyoas que dous y neste apasionante llabor nun se pode desperdiciar a experiencia de naide.





De metáforas y autismo

↓ Ricardo Saavedra Fernández-Combarro

Úa das herencias máis nefastas na tradición filolóxica é a metáfora qu'entende as llinguas como seres vivos xoncidos a especies orgánicas, susceptibles, por tanto, de ser clasificadas en función da súa evolución y del seu ADN.

Fai máis d'un século, á solombra do positivismo y prendidos cúa febre das ciencias naturais, os filólogos tiveron que sentir daqué de complexo d'inferioridá cando miraron pa os seus traballos y los atoparon imprecisos, asistemáticos, tan de mentira... Pa nun quedar por detrás tentaron d'equiparar as humanidades al mesmo grao de rigor científico, á mesma forma d'obxetividá, y chegou llougo el resultado: os *truncos* lingüísticos y as súas *ramificacións*, as *familias* de llinguas, a *evolución* das palabras, as súas *filiacións xenéticas* y a madre que las paríu a todas (ou indoeuropeo). Haeckel dictaba y outros, entoncias, aprotetaron p'amañallo á filoloxía: tomaron a ontoxenia y a filoxenia pa vistirse de veracidade. É dicir, esencialismo puro como metáfora pa describir y explicar constructos humanos, culturais, qu'él lo que son as llinguas.

El problema nun foi fer uso da metáfora, úa das miores bases pa enanchar el coñecemento do mundo. El problema é crer nella, inda hoi, como si fora un enunciado literal (con todas as súas consecuencias), confusión qu'os enfermos d'autismo nun son quen a evitar: pa ellos todo no mundo é literal y d'ei que nun podan relacionar lo obxectivo con sentimentos y emocións, nin estremar lo qu'úa metáfora ténde figurao. Ei ta a falacia: as llinguas nun son, a todos os efectos, seres vivos vinculaos sin remedio a úa gran fruxe na qu'han a mirarse pa comprender el seu

ser. Por eso, cando daquén apela á tradición románica, asentada nos parámetros d'esta metáfora esencialista, p'afirmar categóricamente lo qu'él ou deixa de ser a llingua do Navia-Eo, pódese pensar en dúas opcións: 1) é autista (sépalo ou non); 2) nun é autista, pero fai como que lo é con intencións que nun explicita por algúa razón (y aquí as posibilidades dispararíanse).

Pensemos que si os complexos d'inferioridá da filoloxía naceran angustia y tentaran de superarse mirando pal capitalismo de ficción nel que parece que nos movemos, as llinguas conceptuaríanse ben seguro como marcas comerciais nun exercicio metafórico ben sencillo y nada traumático, asomeñao nel seu proceso al qu'asocedeu no século XIX. Os intelectuales das opcións 1 y 2 competirían por ferse col mayor número posible d'accións das empresas filolóxicas y trabayarían en campañas de marketing con tal de chufar y comercializar os seus produtos, de fellos máis atractivos. Habería absorcións de sistemas fonéticos, compraventas de caudal léxico, grandes holdings orientados a controlar a produción lingüística dos pequenos falantes. ¿Quén iba ser entoncias el máximo lingüista, Steve Jobs, Bill Gates, Emilio Botín? En cualquier caso, el valor da fala eonavega medírase según criterios de productividá y competitividá y acabaría nel buche d'outra compañía máis grande, arrosetúa y potente no mercado. ¿Qué máis dá chamarye "tronco galaico-portugués" ou "IBEX-35"? 



A PARROQUIA DA BRAÑA

ASTURIAPAREDES

↓ M^a José Fraga Suárez

*A Virxen da Braña
ta encima da porta,
mirando cómo os romeiros
suben y baxan a costa.*

As qu'hoi conocemos como parroquias da Braña, Arancedo y Miudes foron hasta fines del siglo XVIII úa sola, con párraco nel igresia de Santa María Madalena de Miudes. Aquella parroquia taba dividida en tres barrios ou cobres¹: Cobre de riba (alredor del lugar da Braña), Cobre del medio (con núcleo en Arancedo) y Cobre de baxo (alredor de Miudes). Ésta foi a situación hasta qu'os Cobres de riba y del medio pidiron xebrarse del de baxo pra pasar a ser parroquias independentes.

A Braña y Arancedo consiguen a súa emancipación en 1795. Certifícalo asina el párraco de San Miguel de Mohíces, el día 6 de setembro d'ese ano, fendo constar qu'el decreto de resolución lleuse na Dominica Decimoquinta (misa del decimoquinto domingo)².

D'este xeito acababa un proceso qu'empezara en 1782, ano nel qu'os vecíos da Braña solicitan convertirse en parroquia independente, argumentando que lo que querían era evitar os perxuicios espirituales y os peligros "temporales" que sufrían al ter que chegar hasta Santa María de Miudes -que taba a dúas leguas de camín- y ter que cruzar el río condo llevaba muita augua. A necesidá das dúas no-

vas parroquias taba xustificada pola extensión de cuatro leguas del distrito, a dispersión dos lugares y a dificultá pra chegar al igresia de Miudes pola calidá dos camiños y pol río, que medraba nel inverno, fendo difícil el paso. D'este xeito, y a petición dos vecíos, abríuse el expediente prá desmembración dos Cobres de riba y del medio.

Nun auto fechao en 1794, Don Juan de Llano Ponte, Obispo d'Uviéu, faiyes saber a os vecíos de Nuestra Señora da Braña, San Cipriano d'Arancedo y Santa María de Miudes, que se van crear dúas parroquias novas, administradas por cadasou párraco. Prá de Nuestra Señora da Braña desmémbranse os lugares da Braña, Mercadeiros, Grandamarina, Mendóis, As Cabornas, El Becerril, Villarín, Chaodastrabas, Rome-



ASTUR PAREDES

Iglesia parroquial de Santa María de Miudes

ye de Riba, Romeye de Baxo, El Caroceiro, Bargaz y Penadecabras. Contaba entoncias con un total de 116 feligreses.

Peró nun pode haber parroquia sin igreia: de momento, y hasta que nun se faga un edificio novo ou s'agrande el qu'hai, habilítase a capiya de Nuestra Señora da Braña, con llicencia pra custodiar el Santísimo Sacramento, y con pila pra os boutizos.

Manter a parroquia

Pra manter a nova parroquia, asignóuseye el cobro dos diezmos que correspondían al Cobre de riba³, que consistían en cereales, forraxe y crías de gao. A sesta parte d'estos diezmos taba destinada a cubrir os gastos de lluminaria, ornamento y aseo del templo. Asina, hasta 1839 os ingresos eran en especies: trigo, meiz, centén, cabritos y oveyas. A eso hai que sumarye lo que se sacaba nalgúa puxa⁴ y de donativos de particulares. En 1822 y 1823 nun se percibíu nada, porque el Gobierno, qu'el párraco califica como "intruso", suprimíu os diezmos sobre as coyetas de 1821 y 1822. Ta referíndose el sacerdote al trienio lliberal –de 1820 a 1823–, curtio paréntesis nel réximen absolutista de Fernando VII. El párraco, Juan de Reborio Corrales, fala d'ésta como d'un época na qu'os gobernantes perseguían "cruelmente" á Igresia y os sous ministros, d'un xeito "impío", y intentando quitarye as súas riquezas.

A partir de 1839 parece anotada como cargo a asignación aportada polla Xunta Diocesana (160 ría-

les, naquel momento). A xestión del cobro corría a cargo de Froilán Estrada, apoderao d'ese arciprestazgo, que recibía el 1% en concepto de pago pol sou trabayo. De 1844 a 1850, al nun asignar nada a Xunta Diocesana, todos os gastos foron por conta del Conceyo y dos vecíos. El cura chámayes a estos tempos "días de calamidá". A partir de 1850 restablecéuse el sistema de dotación del culto.

As rentas y os frutos da parroquia administrábalos el mayordomo ou fabricario, cargo laico que ye rendía contas al párraco.

Nel que toca a os gastos, había que fer frente a os das obras, manter el edificio (dar cales, amañar el llouxao...) y comprar os oxetos necesarios pral cul-



ASTUR PAREDES

El llugar d'Arancedo

to: vasos sagraos, viril, incensario, albas, casullas..., y incienso, aceite y cera. Podía haber, además, imprevistos producidos polos avatares da política; en 1808, por exemplo, a parroquia tuvo que contribuir a os gastos prá guerra⁵.

En todo caso, condo os fondos del igresia parroquial nun eran abondos, dispoñíase, con autorización, dos del santuario.

Edificación del igresia

El edificio qu'hoi conocemos é el resultao das obras que se fixeron pr'agrandar a capiya del santuario da Braña. Nel llibro *El Franco y su concejo*⁶, de 1898, Marcelino Fernández y Fernández dice qu'el antecesor del párraco d'entonces atopou úa inscrición qu'él supón procedente d'algúa capiya anterior, “perteneciente al siglo IX o X”. El que tanto igresias como santuarios cristianos se construyesen cerca dos sitios sagraos ou de culto precristianos, pra relegar ou substituir cultos anteriores, pode permitir pensar neste orixen prá capiya da que fala Marcelino Fernández.

A canteiría da capiya habería sido usada prá edificación da nova igresia. Pódese supoñer porque a peza de riba das qu'enmarcan a ventá da cara oeste ten cuatro furaos pr'hacía fora, marca d'úa rexa anterior. Según Jesús Álvarez Valdés⁷ nel sou artículo sobre a parroquia, a canteiría, procedente de Penouta, foi trabayada polos canteiros nel campo del igresia, y despós –según fontes orales– erguida usando polí- as instaladas nos teixos qu'arrodaban el edificio.



Inscrición na esquina noroeste del igresia da Braña:
ESTA OBRA SE HI / ZOACOSTADE / LA VIRGEN

As obras fixéronse, na súa maior parte, a espensas dos caudales del santuario; asina reza núa inscrición que se pode ver na esquina noroeste del edificio, que dice “Esta obra se hizo a costa de la Virgen”. Das anotacións del Primeiro Llibro de Fábrica dedúcese qu'a participación dos vecíos, aportando tanto trabayo como materiais, foi fundamental. Dícese en moitas ocasións que fain acarretos, llevan materiais y aportan xornales. Núa nota anexa al Segundo Llibro de Fábrica ta rexistrou el número de carros de cal, arena, pedra, barro y baldosas qu'os vecíos levaron al campo del igresia:

LLUGAR	CARROS
El Becerril	36
A Braña	85
Cabana	21
As Cabornas	17
El Caroceiro	12
Chodastrabas	28
Grandamarina	15
Mendóis	28
Mercadeiros	24
Penadecabras	63
Romeye	42
Villarín	33

Anque a nota nun ten fecha, pola caligrafía pode deducirse que foi manuscrita pol párraco Leopoldo José González, y pola cantidá dos materiais, poderían destinarse á construción dos pórticos.

Desarrollo das obras

Dende a fecha da constitución da parroquia hasta hoi, pódese falar de cuatro etapas nel llabor d' acondicionamento del edificio na súa transformación de capiya en igresia. As máis importantes, pola magnitud das tarefas desenvolvidas, foron as dúas primeiras.

• Primeira fase (1796–1825):

Anque en 1803 (el día 27 d'agosto) Juan de Reborio Corrales bendice solemnemente a nova igresia da Braña, “reinando Carlos IV”, pode apuntarse 1825 como el año nel que se cumple a primeira etapa das obras que consiguen achegar el exterior del edificio al sou aspecto actual.

Hasta entonces levántase el arco mayor y reedifícase dende os cimentos a capiya del presbiterio. Fainse tamén dúas sancristías nos llaos y el cabildo. Además, remátase a espadaña con outro campanario y cómprase a segunda das dúas campás que tía el igresia entonces. Trabáyouse tamén nel osario común y nel campo d'alredor del templo, y en 1805 acabóu de ferse a casa rectoral.

• Segunda fase (1825–1837):

En 1837 faise un importante pago al maestro del obra, Pedro González de la Sela, de Castropol. Neste período siguen as obras de canteiría, ábrese un claro nel baptisterio al oriente, písase el pórtico y fainse as tres portas que ten el edificio; constrúyese (hacía 1836) el campanario del esquilon, de xeito qu'a espadaña toma neste tempo el aspecto que ye conocemos agora.



ASTUR PAREDES

El iglesia parroquial de Nuestra Señora da Braña

Nel interior os traballos centráronse nel escala, el antepecho y el repisao da tribuna y nel obra del cancel⁸, qu'era de pedra llabrada por “Froylán” (que se supón sería un canteiro afamado d'entonces), con armazón de madera y celosía. El ferreiro Caleyá fai a rexa del baptisterio col ferro del asta d'úa campá. Píntase y dórase el retablo mayor, de 35 cuartas, y retócanse os da Inmaculada Concepción y San Benito.

Nel entorno del iglesia siguen as obras prá construcción del cementerio⁹, rematándolo y revocándolo hacia 1836.

- Tercera fase (1837-1901):

Como xa pral metà del siglo XIX el edificio tía a fisonomía que ye conocemos, nesta fase os llabores de miyora fainse dentro del iglesia. Incorpórase el púlpito, qu'era redondo y taba apoyao núa columna. Era, como el escala pra chegar a él, de madera de castaño, vendida por un vecín del Becerril, José González Pichel.

Condo en 1870 se fai inventario dos ornamentos y oxetos de culto, rexístranse cuatro altares: el altar mayor, el de Nuestra Señora del Carne, el del Santo Cristo (qu'é de 1850) y el de San Benito. Na actualidá consérvanse os tres primeiros.

Entre as posesiões da parroquia cítase a biblioteca que José María Fernández San Julián, párraco entre

1835 y 1863, donara cua esperanza y el deseo de que valisen d'estímulo al estudio pra os sous sucesores, porque “careciendo de libros se pierde la afición a la lectura y el resultado es muy funesto”. Son 122 obras pra uso dos sacerdotes da Braña, pero que nalgúa ocasión puderon tamén deixarse a algún vecín, como se desprende d'úa anotación feita nel Segundo Llibro de Fábrica.

En 1883 José M^a García de Sierra, cura párraco, deuye a bendición al cementerio novo, parando os enterramentos nel veyo.

Acabando el siglo XIX, en 1891, a parroquia ten 160 vecíos y 874 almas. Ta clasificada d'urbana d'ingreso cua dotación de 1.100 pesetas¹⁰ pral párraco y 200 pral culto. É de Real Patronato, y de proveer en concurso xeneral.

- Cuarta fase (1901-1973):

Col siglo faise cargo da parroquia Leopoldo José González, que s'ocupó dos traballos de conservación y amaño dos pórticos, llabores que supuxeron a llabra y asentos das columnas, esquinas y soleiras dos pretils, xunto col teyao y solao de pizarra. Tamén esta vez fábase das apotaciões en trabayo y materiales dos feligreses. El párraco aportó tamén el sou trabayo, además de fer y tallar dous confesonarios que se poden ver hoi nel iglesia, nos que se constata el ano de 1912.



ASTUR PAREDES

Interior del iglesia da Braña

El 15 d'agosto de 1909 colocóuse nel arco del pórtico a imaxen de mármore que representa á patrona da parroquia, “regalo de D. Vicente Loriente Penzol, rico y piadoso particular”, vecín de Castro-pol. En 1910 compróuse un pantión de Semana Santa que tía dúas telas pintadas por Anselmo Fresno y unidas por un arco de madeira. En 1973 separáronse as telas del arco, y colocáronse como tán hoi: á esquerda del altar mayor, Jesús flaxelao y atao a úa columna; á dereta, Cristo orando nel horto dos olivos

Nesta época —empezo del siglo XX—, según consta na relación de propiedades da parroquia qu'houbó que mandar al Rexistro da Propiedá¹¹, a parroquia de Nuestra Señora da Braña contaba pral sou servicio con 5.525 m², ocupaos pol iglesia con pórticos y dependencias, el campo, a casa rectoral con horto y corral, a casa del forno, el cementerio y 2.000 m² de tarrén.

Na década dos treinta, na qu'a lletricidá chegóu al iglesia, el campo taba za-

rrao por un muro y debía ter dúas portas, a principal y outra más pequena. El cementerio, detrás del templo, taba tamén cercao por úa parede de pedra na qu'en 1928 se fai un arco pra poñer úa porta.

Peró as reducidas dimensións del campo-santo obrigaban a levantar as fosas cada sete ou oito anos; acabóuse col problema fendo en 1953 el actual cementerio.

Nel ano 1973 empezáronse as obras necesarias pra celebrar de cara al pueblo. Houbo que levantar el tarrén de llouxa del presbiterio y achazar el novo, quitar a rexa que separaba el presbiterio del corpo del iglesia, y fer outro altar mayor. Nesa época píntase el edificio por dentro y por fora, y zárrase nel presbiterio un ventano circular destinao a dar claridá á imaxen da Virxen proyectando nella, con un espeyo, a luz qu'entraba por detrás. As últimas obras deixáronlo outra vez á vista.

El campanín actual procede d'úa capiya en San Xuyán de Villalmarzo, da casa Tarambello, advocación a Santa



ASTUR PAREDES

Retablo de Nuestra Señora del Carme



ASTUR PAREDES

A fonte da Virxen é parte importante del Santuario da Braña, a unde pellegrinan cada ano miles de romeiros

Bárbara. Llevóulo hasta A Braña Evaristo Fernández Méndez, párraco de 1952 a 1962, pra substituír al anterior, que cayera, seguramente por causa del vento.

El igreſia parroquial da Braña acaba de ser obxe-to d'importantes y necesarios llabores d'amaño y conservación, gracias á iniciativa da Comisión de Festas. Pra ver cuál foi el resultao nun hai más qu'a-chegarse á Braña, respirar el silencio y encher os oyos.



NOTAS:

¹ Cobre: término o xurisdicción.

² Según a Lliturxa vixente, sería el decimoquinto domingo despós de Pentecostés.

³ Os diezmos que correspondían a Santa María de Miudes dividíanse en oito partes, das qu'úa era pral párraco, tres pral Beneficio Simple y cuatro pral abad y os monxes del Monesterio de San Juan de Corias.

A vinculación de Santa María de Miudes con Corias vén d'empezos del siglo XI, condo os condes D. Piñolo Jiménez y a muyer, Aldonza de Mumo, donan en testamento el Monesterio de Miudes al de Corias, al que ten que darye a terceira parte dos sous réditos. Cua desmembración das dúas novas parroquias, aumenta a dotación pra os párracos, en detrimento del Beneficio Simple, que recibe dúas partes en vez de tres.

⁴ Hasta nun hai muito tempo, os feligreses ofrecían a San Antonio llacóis ou xamóis que deixaban nel cepiyo pra subastallos despós al miyor postor.

⁵ A Guerra da Independencia contra os franceses duróu de 1808 a 1814. Nel Llibro da fábrica de Santa María de Miudes, empezao en 1747 llese, como suceso memorable, a entrada nel concejo del Franco, el 17 de marzo de 1809, d'úa división francesa d'us 40 ou 50 homes, que s'hospedaron naquella parroquia.

⁶ *El Franco y su concejo*, Marcelino Fernández y Fernández, Lluarca 1898, páx. 71.

⁷ Álvarez Valdés, Jesús - El santuario de Nuestra Señora de La Braña, Revista Maíces, 1984.

⁸ Rexa, xeneralmente baxa, que separa el presbiterio da nave.

⁹ Cremos que se trata del cementerio situao detrás del igreſia, que substituiría al osario veyo (seguramente mui cerca del antiga capiya), y que despós iba ser desplazao pol camposanto actual.

¹⁰ En 1872 cambiouse a moneda, sustitúndose el rial polla peseta.

¹¹ Según Orde del 20 d'abril de 1911, al instituírse el imposto especial sobre os bienes das personas xurídicas.

FONTES Y BIBLIOGRAFÍA

Archivo Histórico Diocesano d'Uviéu, Arciprestazgo del Franco, Parroquia da Braña, Llibros de Fábrica (1796-1876); (1876-1970).

• Fontes orales

MANUEL FERNÁNDEZ ÁLVAREZ, párraco da Braña dende 1962.

RAÚL BEDIA BOUSOÑO, vecín da Braña.

• Bibliografía

ÁLVAREZ VALDÉS, J., "La fuente de la Virgen de La Braña", *Maíces* (Boletín cultural de Asturias), febreiro 1984.

— "El santuario de Nuestra Señora de La Braña", *Maíces*, (Boletín cultural de Asturias), agosto 1984.

FERNÁNDEZ CONDE, J., "Religiosidad popular asturiana", en *Enciclopedia Temática de Asturias*, tomo IX, Silverio Cañada Editor, Xixón 1981.

FERNÁNDEZ Y FERNÁNDEZ, M., *El Franco y su concejo*, Lluarca 1898.

PÉREZ ARIAS, M. V., *La costa occidental asturiana. Santa María de Miudes y otros vestigios del arte medieval*, Nobel, Uviéu 2004.

A IMPORTANCIA DA ESCOLA RURAL



Escola nel conceyo del Franco (c. 1916). Fototeca del "Muséu del Pueblu d'Asturies"

↓ Ágata García Castro

*A toda a xente grande y pequena da escola d'Eilao,
pol muito que m'enseñastes y el muito que nos rimos.*

El nivel de formación dos sous ciudadanos, a importancia que se ye día á educación é lo que distingue a os poblos. Nun los estremen os planes turísticos, nin as autovías, nin os parques hestóricos, nin a riqueza per cápita... todo eso de nada vale sin unhas escolas y unha educación alxeito.

Nas comarcas rurais a educación é mui importante dende el punto de vista social y personal das familias y dos nenos, pero tamén lo é pal desarrollo de muitos concellos nos qu'el descenso demográfico nos últimos tempos fai que corran el riesgo de desaparecer. Condo zarra úa escola, é el pobo todo el que pecha as súas portas, porque quedar sin escola é quedar sin nenos y quedar sin nenos é quedar sin futuro.

El Alto Navia ta sufrindo dende hai anos úa sangría poblacional ben grande, que nos últimos tempos trata d'amañar con subvencións, planes d'empleo locais tamén subvencionaos y planes turísticos que nun parece que teñan dando ningún bon resultado, porque lonxe de frenar el baxón de xente éste vai a

máis. Quizás porque as Administracións local y rexional tratan de parchiar un mal endémico pal que fain falta medidas que s'arriesguen a mirar pal futuro, qu'outien máis aló dos cuatro anos que dura unha lexislatura.

Mentras tanto, os poucos habitantes novos que sobreviven na comarca del Alto Navia, as poucas familias con nenos qu'einda viven nél, miran d'esgueira cómo as escolas del C.R.A. Eilao-Sarceda, as últimas escolas rurais que yes quedan, van pouco a pouco pechando. Igual que pecharon xa as qu'había nel vecín conceyo de Pezós.

A hestoria dos C.R.A. ten el sou orixe nel *Programa de Compensación das Desigualdades*, contido na *Ley Orgánica de Desarrollo de la Educación (LODE)*, que nel empezo dos anos oitenta tratóu de virar a po-

lítica de concentracións escolares, implantada cúa *Ley General de Educación* de 1970, que supuxo el peche de moitas escolas nas aldeas máis pequenas con un gran coste social, familiar y personal.

Nel ano 1985 el C.R.A. d'Eilao tía setenta y nove alumnos repartidos polas escolas d'Eirías, Sarzol, Bullaso, Villar, Eilao, Zadamoño, Pastur y A Montaña, pero pouco a pouco todas foron desaparecendo y el C.R.A. restructurouse pasando a chamarse C.R.A. Eilao-Sarceda, nome que conserva na actualidá, cono namáis lo conforman esos dous colexos nos que se reparten menos d'úa docia d'alumnos.

Anque en orixe as condicións d'esas escolas nun eran as máis deseables (a mediaos dos oitenta a escola de Pastur nun tía luz eléctrica, por poñer un exemplo) y einda hoi deixan abondo que desear, a búa voluntá dos docentes destinaos nelas y el labor das AMPAS, conscientes de lo que yes supoñería a nenos d'entre tres y doce anos viaxar nun autocar camín de Bual máis de vinte kilómetros diarios pra ir y outros tantos pra vir, tán conseguindo manter a flote unha escola enriba da que beila a espada de Damocles dos cuatro alumnos necesarios pa garantir que siga aberta.

Si ben el medo al peche da escola d'Eilao ta mui presente dende hai cuatro ou cinco anos, todas as alarmas empezaron a suar el curso pasao cono os traslados por motivos laborales de dúas das familias qu'aportaban máis nenos á escola, xunto al deseo de dalgús padres del conceyo de matricular a os sous fiyos en Bual, deixaron el colexo col número mínimo de nenos pa mantelo aberto.

Axina as rencillas locais estouparon y os cruces de cartas al director tomando partido por un ou outro bando empezaron a parecer nos diarios rexionales. D'un lao, os qu'opinan qu'as escolas unitarias que conforman os C.R.A. deberían pechar y hasta esixen a gratuidá de transporte y comedor pa mandar os nenos á escola de Bual, cuestión esta que conseguirían si pechase a escola d'Eilao. Por outro, os padres qu'afirman que sin escola iban plantiarse mui muito el seguir vivindo en Eilao, cousa que nun é d'extrañar porque a naide ye gusta vivir nun sito que nun teña os mínimos servicios públicos esixibles. A dalgús hasta se yes pasa pola cabeza nun escolarizar os nenos hasta que cumplan os seis anos pa evitar-yes os vinte kilómetros de viaxe "y despós xa se verá el que femos".

El Alto Navia ta sufrindo dende hai anos úa sangría poblacional ben grande. Na imaxen, Argul (Pezós)





ASTUR PAREDES

Hai padres qu'african que sin escola iban plantiarse mui muito el seguir vivindo en Eilao

Neste fougo cruzao a escola deixa de verse como unha fonte de riqueza pa todos y non solo pa os maestros con plaza fixa qu'acaban convertidos nunha especie de lastre reaccionario qu'impide el desenvolvemento del territorio. Equivocos asina namáis los pode aclarar el tempo, porque a bon seguro qu'a quen menos ye importa qu'a escola peche ou deixe de pechar é al maestro que ta nela, que, nun debemos pasar por alto, é un funcionario del Estao, con plaza fixa, lo que quer dicir que si nun é ei será noutro lao, pero ten garantizao el trabayo, posiblemente en miyores condicións porque, nun lo esquéizamos, ta cubrindo un posto dos catalogaos como de "difícil desempeño". Y é qu'unque as rencillas locais nos fain muitas veces nun pensar neso, son mui poucos os docentes que cubren de búa gana este tipo de postos y as plantillas dos C.R.A. son cubertas casi na súa totalidá por maestros interinos ou funcionarios de carrera en primeiro destino, qu'en conto poden iscan.

En pouco tempo, si naide lo romedia, os nenos del C.R.A. Eilao-Sarceda aprenderán a contar non na súa escola, senón camín de Bual contando as curvas dos vinte kilómetros da carretera AS-12. Eso nel miyor dos casos, outros antias d'empezar a contar ésas terán que contalas dende Fontes Cabadas, Entrerríos, Pastur

ou A Montaña... ésos ademáis aprenderán a sumar, eso sí, en kilómetros. Nun deixa de ser paradóxico aprender a sumar en kilómetros nun sito unde as distancias se miden en tempo.

Ayíos a todo esto os rapacíos d'Eilao y os de Sarceda van todas a mañás col cabás ás costas camín da escola. Unha furgoneta que fai os servicios de transporte escolar achégalos alí, unde tein tamén servicio de comedor. Condo chegan, ademáis del maestro (nel caso de Sarceda) y a maestra (nel caso d'Eilao) reciben tamén a visita de maestros itinerantes d'inglés, música, relixión y educación física. "Escribe ei qu'unque solicitamos todos os anos un maestro de fala nunca nos lo mandan", apunta a maestra d'Eilao.

Os maestros son conscientes da necesidá de socialización d'estos nenos, por eso dúas veces al mes xúntalos na escola d'Eilao pa fer actividades conxuntas. Celebran unha festa de Navidá, el magosto, el antroido, os cambeos d'estación, etc. Reciben a visita de contacos y fain uso dos poucos servicios qu'el conceyo pode ofreceryes. Asina, d'emparzao col Telecentro da localidá, al qu'os nenos asisten unha vez por semana aprofitando el hora del recreo, celebran el día d'internet y cua colaboración da farmacéutica organizan un almuerzo saludable despós de qu'ela yes esplique os beneficios d'unha dieta sana. Tamén visitan a



De pouco sirven planes turísticos si conceyos como el d'Eilao ven reducidos a nada servicios básicos como a escola



AGATA GARCÍA CASTRO

Os máis pequenos na escola d'Eilao

biblioteca pública, que ten a súa sede nel edificio del Conceyo.

Na escola mostran orgullosos os numarosos diplomas que los acreditan como ganadores de concursos de dibuxo y literarios. A eso hai que sumar os numarosos viaxes y excursións. Os nenos contan ilusionaos as súas visitas al Xardín botánico de Xixón, al acuario, á Feira de Mostras da Veiga, a Uviéu, á praya de Tapia, onde dalgún se bañou nel mar por primeira vez... Os máis grandes tamén van de viaxe a Madrid xunto con nenos d'outros C.R.A. da zona, xa que si non sería imposible organizar a actividá. Trátase en definitiva de qu'el feito de vivir en poblos pequenos nun yes negue a estos nenos ningunha posibilidade d'aprendizaxe y socialización. Todas estas actividades son recoyidas nunha revista escolar, "Escola Nova", qu'editan al final del curso y que reparten entre os vecíos. "É importante señalar qu'unque muitos s'empañen en decir lo contrario, estos nenos salen perfectamente preparados de cara á E.S.O., y que nel máis dos casos despós estudian el Bachillerato y algúa carreira superior", dícenos a maestra.

Con todo esto, de pouco sirven planes turísticos, ou as portas d'entrada al chamao Parque Histórico del Navia si conceyos como el d'Eilao ven reducidos a nada servicios básicos como a escola ou el consultorio, a nun ser que lo que nos interese seña eso, a Hestoria, el parque temático del cómo foi y non el hoi y el agora, el outiar el futuro con esperanza, con convencimiento ... Quizáis esto é lo primeiro que te-

ñamos que ter claro, ¿queremos ser úa reserva da Asturias rural ou queremos medrar conservando a nosa esencia, os nosos costumes, a nosa fala...?

Si nos interesa máis lo primeiro, adelante con elo, acabemos con lo que temos, pechemos el C.R.A. d'Eilao, mandemos os nenos camín de Bual curva vai curva ven pola famosa futura vía rápida pola que supostos miles de turistas van vir deixar os sous cuartos nel brao pa ver a solombra de lo que fomos, pa ler en paneles de polispán cómo eran a nosa cultura, as nosas tradicións, a nosa fala... Pero temos que ter mui claro qu'esa é úa pita d'ouro da que nun vamos poder comer todos, dalgús terán que baxar pola "vía rápida" pa nun volver subir, como fixeron tantos y tantos antias qu'elos. El atractivo d'un poble ta na súa natureza, na súa hestoria... pero tamén ta nas súas xentes, de pouco sirve el paisaxe sin paisanaxe. Eso é úa natureza morta, un bodegón de frutas podres y lebres mortas, un museo da nada.

Os C.R.A. pode que nun teñan sentido condo as escolas que los forman tán a dous, tres ou cuatro kilómetros, ou miyor dito a cinco, sete ou dez minutos por búa carretera d'úa escola pública máis grande, pero en poblos como Eilao nun son ningún capricho y el número de nenos que van a ellos nun debiera ser a patente de corso que manexase ningunha consejería pa decidir si se mantén abertos ou non. Abondaría con qu'un neno, un solo neno decidise seguir indo a ellos pa que se mantuvesen abertos, porque neste país gástanse cuartos en cousas ben menos importantes de lo que lo é a educación.



El buxío dos sonhos

↓ Andresín de Bual

Naquella esquía pasaba noites interminables: dalgúas claras, outras escuras, pero allí taba sempre, al pé del cañón, barruntando un futuro incerto. Xamáis quería pensar nel pasao, nas tardes d'outros brazos, na llúas escondidas, nel arena fina acariciando as ventás. Namáis ye quedaba úa cousa: Marina, a súa vida, el sou sol, el sou cielo... Era nel único nel que podía afincarse, porque nel demais, nun podía máis que penar.

A súa casa era mui grande. Fora dos sous bolos, despóis dos sous padres y llougo, col tempo, pasou a ser d'él. Cuase nun la cuidaba: el corredor taba cocho; a cocía nun tía sillas, mesa nin esas cousas que namáis tán nesa parte da casa; el salón tía os sofás desfeitos... pero eso sí, a súa esquía de pensar, nel habitación del pico da casa, taba perfeuta. Ese sito nun debía d'ocupar máis de dous ou tres metros cuadrados en toda a casa, anque según él, eran os xustos pra vivir. Nella tía úa mesía, úa alfombra y úa estantería. Esta última taba chía de llibros de todo tipo: dalgún de Marx, outros de Miguel Hernández y a gran mayoría d'Antonio Machado. Al fondo d'ella había un espacio nel qu'entraba úa enciclopedia entera, él dicía qu'era unde guardaba os tomos perdidos da súa vida, qu'un día queimaron y que nunca máis han de parecer...

Condo taba allí, tía medo y ás veces berraba pol-la axuda de Dios, del cual nun taba seguro si esistía. El sou amor sempre andaba cerca pra calmallo, pra dicirye que tando ella nun había por qué trembar. El rapazo sabía que cua súa compañía, el esquía escura clariaba, allumando al tempo hasta el rincón máis escondido da súa alma.

Na república qu'él mesmo independizou na gran nación da súa casa había úa serie de lleis qu'había que cumprir fose cual fose el motivo da túa entrada na zona, y a pena por incumprillas era el desterro al habitación del piso d'embaxo. Sacábalo de quicio que daquén tocasse nas súas cousas, que puxesen úa mao nel estante balleiro da súa estantería y, sobre todo, que se nomase dalgún tipo de droga. Repunábalas, nun podía ouguir falar d'ellas, fíanye cayer nos llibros, ir hacia ellos y, sin canalizar el sou odio, empezar a dar garrotazos cos puños pechaos escontra el furaco da súa balda máxica, chorando como un neno de cinco anos qu'acaba de perder a sou bolo... Condo pasaba esto, allí taba Marina outra vez, arrastrando úa suave brisa pollas escaleiras al correr. Piyábaye a cabeza y apretábaya forte contra el peto, pasándoye a súa calor y os sous sentimentos. Al cachín, condo se relaxaba, susurrábaye al ouguido un orden, xa era hora de tomar as pastiyas. Él, con medo á soledá, fíalo sin pensar, partíndolas pol metá, pra que nun ye trabasen nel gorgoleiro. Condo xa taba medio durmido, el sou amor leváballo prá cama y, dándoye un chuchín na frente, desíabaye úa búa noite. El noso home, metido dentro del nío, cayía rendido despós de perder llágrimas col nerviosismo da tarde. Empezaba a viaxar nos sonhos: vía a súa vida nun paraíso terrenal, chen de flores y regatíos, y por ellos vía baxar nadando á súa "encantada" mirando pra él con úa sonrisa de llao a llao.

Sempre despertaba de sutaque: un día máis volvía a empezar.

Úa mañá, erguéuse encoiro, como avezaba a fer. Almorzou y foise ordenar us papeles qu'a noite an-



terior deixara tiraos nel sou esquino. Dende que pasaron as horas empezóu a notarse raro, mariaio. Pintábaye qu'as súas maos cambiaban de tamaño en cuestión de segundos: deuse conta de que nun tomara a medicación. Empezóu a berrar por ella, polla muyer á qu'amaba. Nun parecía, é máis, nun había rastro d'ella por toda a casa. Nun momento de llucidez, el rapazo pensóu en ir mirar á cómoda del habitación de Marina, cua idea de que ye puidese deixar dalgún papel nel qu'esplicase el porqué da súa fuxida. Condo chegou, aquela habitación taba balleira y nun tía pinta de que nella durmise daquén dende fía ben d'anos. Él nun lo podía crer: nun sabía lo que ye taba pasando. Marchóu correndo pral sou buxío y chorando empezóu a pensar y véuseye úa idea á cabeza que ye fía sentirse asfisiado, con medo a úa morte inmediata. El problema veu condo cavilóu sobre os últimos tempos, sobre úa hestoria d'amor qu'a él ye parecía das máis guapas: A muyer á qu'amaba, nunca chegou a existir, sempre tuvo dentro da súa mente. Ella era a idea de perfeución que sempre tuvo na cabeza y que polla necesidá de tella al llao, sintíala como daqué táctil, cariñoso, sincero y amigable. Él sabía qu'ella, fose real ou ficticia, déralo todo polla súa vida y sabendo que nunca máis la iba volver a ver, pensóu nun fin pra úa hestoria tan triste: un tomo máis pral furaco da estantería de llibros.

Asomóuse á ventá, pensando nella y na sorte que tein dalgús de sintilla al llao sin ter qu'imaxinalla y, con úa lágrima nos oys, pegóu un berrido, chamando a os llobos y ás curuxas. Nun aguantaba máis: namáis fía us minutos que sabía qu'ella nun iba volver parecer (aunque fose en soños) y xa vía el sou mundo perdido. Retrocedéu corredor atrás y vendo qu'a ventá taba aberta corréu hacia ella.

Engalóu: seguro que chegou llonxe...

* * * * *

Agora mesmo ta nun paraíso, con flores y regatíos, esperando a qu'ella baxe, pra qu'al chegar se xunten os llabios, fendo retumbar en todo el mundo a cántiga d'un chuchó. 

AS ANDOLIÁS

A importancia



↓ Miguel Rodríguez Monteavaro

¿Por qué úa palabra che pode fer sentir sensacións d'angustia, de dolor, d'alegría ou de remordemento? ¿Por qué namáis con escuitar dous fonemas con algo de xeito, dos tous oyos poden xurdir as llágrimas? ¿Por qué a llingua oral ten tanto sentido nas nosas vidas?

As veces, a lliteratura oral en particular y as palabras en xeneral, foron esquecidas ou botadas a menos. Basta ver qu'hoi en día, a maioría da poboación nun sabe nin cómo se divertía a xente d'antías, nin cómo trabayaban y, muitas veces, nun saben nin quén eran os sous bolos nin qué función desempeñaban na sociedade d'antano. Os contos tradicionais ábrennos a ventá a un mundo de filandóis, d'andechas y de romeirías que nun ta mui llonxe del noso tempo, pero si mui llonxe das nosas vidas.

Naide conoz con exactitud el orixe pol que nacen as historias del pobo, pero si a súa finalidade: entreter y enseñar. Tampouco s'atopóu úa explicación lóxica a por qué en muitos sitios, mui distancios entre sí, ás veces se teña constancia del mesmo relato ou da mesma fantasía mitolóxica, eso si, en cada ún cuas súas propias ambientacións y cuas modificacións qu'en cada lugar se ye dese adaptándolas á súa cultura. D'este xeito, son abondo notables as similitudes entre os romances rescataos en Asturias y en Canarias (por citar úa rexón de llonxe); por exemplo dalgún cantar d'ánimas ou el "Romance da nena que foi á guerra", que ten úa mesma protagonista, un marco parecido y un narrador común.

Un apunte mui importante sobre a tradición oral é que foron mui poucos os que se fixeron cargo d'e-

lla y la transcribiron a os libros, deixando asina de ser, como a palabra lo diz: oral. En certa medida, é normal, natural y case necesario que fosen contaos os que fixeron este llabor (dito esto non dende el llao irónico, senón dende a parte máis conservadora, como un amante da lliteratura y sin falar llingüísticamente) porque asina, a esencia da hestoria, que col tempo nun cambea según as necesidades del narrador y según el momento da vida en que se conte, faise universal y el público sintela como el patrimonio popular, como aquello que nun é de nai-de pero é de todos y tein que preservallo como se fose úa igrexa grande ou úa casúa nel medio da praza; esta división entre lo obxectivo y lo subxectivo, é lo que se perdería nun libro porque al contrario que nel "boca a boca", nel qu'un matiz é en cada persona diferente, en cada edición publicada del libro vai ser inmutable. Agora tamén, esa parte del relato susceptible al cambio, nun deixa de ser a miyor mostra da sabiduría popular y d'improvisación que se pode atopar engalando polla cultura: se nos esquecemos agora de lo común d'un conto en cada lugar, todo lo demás ten posible modificación. Por exemplo, ¿cóntas versións existen del "Romance del Conde Olinos" ou del "Baile del Cariao"? Tantas como personas que lo sepan.

Salíndome un pouco de toda esta pingadura de tradición, pero inda refiríndome a ella, ¿pode com-

da tradición oral



pararse el uso d'úa palabra a lo que acabas de ller? A maioría dos términos nos que nos espresamos, ou nos que nos intentamos espresar, tán recoyidos en dicionarios (¡menos mal, tamén faltaría máis!) que guardan el sou significao inmutable, obxectivo y culto. Pos ben, fora dos llibros y das mentes privilexadas, ¿qué se che pode renembrar condo ois dalgún nome que, llonxe das denotacióis que teña, ten úa explicación subxectiva pra ti?; ou, máis alló inda, ¿todos os términos que se recoyen nos llibros de texto, nas novelas, nos poemas y nas edicións das revistas que máis che prestan (y anque el autor de ditas “litteraturas” lo intente con toda a súa búa fe) connotan lo mesmo pra todos os llectores qu'enfougaos los lledes? Despóis d'esto, ¿qué conclusión sacarías tu d'esta cita: *“Porque as andoliás nun esperan al inverno pra marchar...”*.

Agora pergúntaye al que ta al pé de ti y, se tas solo neste momento, espera, y volve llella outra vez. ¿Qué che pinta al empezo? ¿Y agora? ¿A que xa pode ser diferente? Con toda esta “parrafada” y estas preguntas ás veces retóricas, ás veces prácticas, namáis quero úa cousa: que recapacites se hai que fer caso estricto al dicionario como institución da llingua oral y escrita. Dirásme: “Este fato ta dicíndome que nun usemos el dicionario, ¡como se todos gastásemos tanta elegancia verbal...!”. Y eu respóndoché que nun tas llendo

eso (tampouco é lo mesmo ller daqué con úa representación mutable a ller mal), eu digo que nun podes lligar totalmente el uso dos productos a lo dictao nas instruccióis, pero tampouco podes esqueicerte d'ellas porque á súa vez son ben necesarias pra poder sacar úas ideas concretas dos pasos que teis que dar pra chegar a un fin; con esto, y xa sin términos metafóricos, refírome ás palabras das que falábamos antias, das que nun tán obrigadas a seguir un curso marcao nel río das definicións esactas.

Agora, xa pra rematar y despóis de ller esto, namáis quero que se trabaye pra que nun se perda lo noso, a esencia de lo noso, lo que nun ta guardao en ningún libro nin en ninguna relación estricta de costumes y, anque éstos fagan muito por renembrarnos de lo d'antias, nun podemos apegarnos a ellos como se fosen lo único y verdadeiro, porque a tradición oral (historias, contos, lendas...) é mui rica y pode seguir tantos camiós como

ideas que medren na imaxinación de cada lugar, y nun fai falta tiralla al rebollón pra que rompa; tamén sería ben fer lo mesmo cos términos que, ben por tradición ou ben por simple armonía llingüística, fáinnos miyorar como personas, como falantes d'úa comunidá y, por tanto, como portadores orixinales, característicos y funcionales d'úa determinada cultura.





NORMAS ORTOGRÁFICAS DEL GALLEGO-ASTURIANO

- Colección Os Llibros d'Entrambasauguas n° 15, Academia de la Llingua Asturiana - Secretaría Llingüística del Navia-Eo, 2007.
- 65 páxinas.

A Academia da Llingua Asturiana publica, partindo da *Proposta de normas ortográficas y morfolóxicas del gal(Dego-asturiano)*, el conxunto de normas col que s'ha a transcribir na escritura a lingua eonaviega.

El libro del que falamos baséase nel texto amañao nos noventa por filólogos y profesores del Navia-Eo cúa dirección d'Ignacio Vares García y José García García, y é úa reedición na que se revisa y se fai normativo un documento que, durante os últimos anos, conseguiu a aceptación social da xente da zona qu'escribe na fala. Trátase d'un modelo ortográfico col que s'identifica a comunidá de falantes, qu'al tempo que marca pautas prá escritura, nun zarra a porta á riqueza que caracteriza ás variedades dialectales da nosa llingua.


FRUXES DA NEBRA

- Autor: Fredo de Carbex.
- Andolía poesía, n° 2.
- 78 páxinas.

Despós de *Sños de pellegrín* (2006), Fredo de Carbex (Carbex, 1967) asoleya *Fruxes da nebra* (2007), un poemario nel que volve al paisaxe interior de *Mourén dos fondos* (1997). Núa edición bilingüe de ventinove poemas en fala traducidos

al castellano, el ente poético identifícase cúa natureza na búsqueda de lo universal pr'atoparse a sí mesmo. *Fruxes da nebra* apúrrenos poemas curtos como a fugacidá dos instantes que conxelan, unde s'espeya el paso fugaz del individuo polla eternidá.

Descubrimos neste libro un aire de romanticismo que, anque nas composicións anteriores xa podía os-marse, nun se fai explícito hasta éstos que poden considerarse poemas de madurez.



A TERRA ESQUEICIDA

- Marisa López Diz.
- Colección Albera n° 51, Trabe, Uviéu, 2007.
- 61 páxinas.

Publicóuse el primeiro libro en gallego-asturiano de Marisa López Diz, que xa conta con títulos en asturiano como *Tiempu de tristura* (1998) y el libro infantil *Poemes de*



carambelu (2006). *A terra esquecida* (2007) é un canto á señardá d'úa terra na qu'os elementos da natureza se funden cúa voz poética pra espresar simbólicamente os sentimentos: "Inventéi entoncias/ outra forma de nombrar el mundo,/ de falarye al tempo/ cúa lingua branca da lúa/ e col sabor das figueiras".

A neve, el vento, as tardes d'outono, el llume, a escuridá das pedras, y a noite falan da memoria, del dolor y el angustia qu'aforfogan al suxeto poético, qu'atopa acougo únicamente na contemplación y aprecio del paraíso qu'ofrece a naturaleza: "Hoi quero falarche/ de cousas pequenas,/ de cousas que viven/ nel corazón caliente dos bois,/ reverquendo nos fayedos/ a pique d'afo-garse/ entre as foyas y el nadizo".

Discos




- Nestos últimos anos el panorama musical asturiano é un fervedoiro de grupos novos. Ún d'ellos é *Dulcamara*, que nacéu a fines del ano 2003, y acaba de sacar el sou primeiro disco, *Sali Lluna*, nel qu'incluin úa cántiga escrita na nosa fala.

Dulcamara son seis mozas del conceyo de Valdés –María Gavieiro, María Vázquez, Tatiana Fernández, Natalia Nuño, Carmen Trevías y Paula Cristóbal– conocedoras del folclore asturiano al través da súa dedicación al baile y á pandereta. Basándose na tradición, ten el sou trabayo un aire novo, al amecer ás voces, ás panderetas y a os pandeiros, a guitarra, el baxo, el saxo, os teclaos ou el violín, entre outros instrumentos. Fain asina ritmos tan variaos como el jazz ou el rock.

É a vinculación familiar d'úa das compoñentes del grupo –Carmen Trevías– cúa terra d'Entrambasauguas, a responsable da lletra en llingua eonaviega del tema *Nosh*, úa composición que fala d'un amor que nun vólvu.

Os alumnos de Primerio da ESO del I.E.S Galileo Galilei de Navia descubrieron a existencia nel sistema solar de novas especies animais das que nos mandan a descripción y nalgús casos tamén us dibuxos pa que pódamos identificallas miyor si las atopamos por ei.



Cerdíncola

El cerdíncola é un páxaro mui raro, ademáis de tar en vías d'estinción nun se pode comer, pero os sous rabos sí porque al llargo da súa vida perde us contos pero vólvense medrar. Namáis vive en Plutón.

Daniel Díaz Carrera

Hydra solar

A hydra solar vive nel sol. É de tamaño xigante (de pequena é como úa pita marciana de dúas cabezas da que por certo é parente) pero é inofensiva. Ten nove cabezas polas que bota fougó. Os sous ovos y carne, sobre todo as cabezas, nun tein comparación al hora de cocinallos y comellos. Adáptase mui ben a cualquier planeta.

Borja Otero

Patoca

A patoca é un ave que ten dúas cabezas y dous pescozos mui llargos. Ten un pico mui estreto y afilao col que pode matar a cualquiera, pero a patoca é un animal mui tranquilín.

Ángela Santamaría




A cerdalí ven d'América, acostuma a durar us nove anos máis ou menos. Hai mui poucas, xa qu' é úa especie que se descubriu hai poucos anos.

Ten cuatro patas, cousa rara na especie de páxaros y el rabo... ¡nun díganos xa! Ten úas oreyas que se ye fain lluz conde é de noite, anque eso perxudícala frente a los que la queren papar.

Judit Arias

A matanza dos cochos



• Adrián Suárez, de 1º da ESO del IES Galileo Galilei de Navia, cóntanos cómo é a matanza na súa casa:

7odos os invernos matamos os cochos. Meu tío Lluís trae os cochos ben fornidos. Vandra mátalos dándoyes un batacazo na cabeza y mía bola rápidamente con un cuitello córtayes el pescozo y sácayes el sangue. Despós pelámoslos con un cuitello y augua quente. Abrímoslos á mitá y sacámosy as tripas y todo lo que nun vale. Colgámoslos y deixámoslos colgaos un día.

Al outro día hai que descuartizallos. Sacamos os filetes, as costellas, os sullombos y el rico xamón. Da cabeza sacamos el focín. Despóis femos el picadillo y os chourizos, pinchámoslos y colgámoslos al fume. Despós femos as morciyas y colgámolas tamén al fume. El focín, os xamóis y os llacóis metémolos nel sal, y condo ten ben salaos sacámoslos y asina é a matanza dos cochos.

El sanguinario y a serena

A cerdalí



Daba eu un paseo pola praya despós de reparar el Mensaxeiro da morte, escutí un canto mui melodioso. Seguí el sonido y atopé uía serena.

–Cantas mui ben –díxeny condo acabóu–.

–Pode ser –contestóume–.

Asustóuse al ver el signo da bandeira del meu barco nel meu sombreiro.

–Ese signo namáis lo lleva...–

–¿Trulik “El sanguinario”?

–Sí

–Ese son eu.

Naquel momento asustóuse ainda máis. Eu sentíame como ella.

–¿Nun m’irás comer? –preguntéi.

–Non.

–Pos condo viaxéi con Ulises, as serenias trataron de matarme.

Incluso ouguín que devoraban a os marneiros.

–Ésas son as mías parentes gregas y xermanas. As d’estas terras nun somos asina. Somos nobres y solidarias cua xente del mar.

Por eso os marneiros escapan de nosoutras, pos temos mala fama –dixo con tristeza na súa voz–.

–Quizás che console qu’hai secretos qu’é miyor nun saber.

Dende aquel momento vímonos muitas veces, axudóume muito tréndome comida ou encargos de Calipso, a diosa del mar.

Borja Otero, 1º

COUSAS D'ANTROIDO

Úa poesía de Conrado Villar

↓ Entrambasaugas

Nesta ocasión decidímonos a sacar del houcha úa poesía del conocido escritor tapiego Conrado Villar (1873-1962), qu'en 1908 –pouco despós del Antroido– la mandaba á redacción de El Porvenir Asturiano. A composición, claramente de circunstancias, apareceu publicada nel número 248 del semanario naviego, con fecha de 8 de marzo. Nella espéyanse dalgúas das celebracións del antroido en Tapia a empezos del siglo pasao, asina como a realidá social da emigración dos homes a América, unde esperaban atopar un futuro miyor.



COUSAS D'ANTROIDO

Que'l Antroido vai por terra,
xa non se pode dudar,
y' así nos lo fixo ver
el c'acaba de pasar;
y'al decir que vai por terra,
solo a Tapia me refiero;
pois eu non podó decir
cómo tuvo n'outros pueblos.

Houbo un baile n'el Casino,
peró non foi de disfraces;
abundaron n'él as nenas
y faltaron os rapaces;
porq'esta é unha mercancía
c'ahora se vende cara,
dad'asportación que ten,
pra Buenos Aires y'Habana.

"La Aragonesa" (comparsa)
recorre as nosas calles,
tocando plezas alegres,
con muy bonitos cantares,
todos elos dedicados,
ás rapazas ya'l amor,
y compostos, según dicen,
por don Braulio (el diretor).

Houbo tamén outro baile
d'el Consistorio, na sala,
y resultóu... ¡claro ta!
un baile de trangayada.

As máscaras que eu vía,
iban todas mal trajeadas,
y sempre c'abrían a boca...
era pra decir gansadas.

Que'l antroido vai por terra,
xa non se pode dudar,
y' así nos lo fixo ver
el c'acaba de pasar.

C. VILLAR
Tapia.

El ter ua cámara de retratar foi nalgún tempo un “lujo” al alcance de mui poucos. Hoi xa se fain hasta con un teléfono que cabe nun bolso del pantalón, pero nel ano 41 en que foi tomada esta instantánea era algo que se fía tan de ralo en ralo que naide quería quedar fora del cuadro.

Decía Joel Meyerowitz que “llevar ua cámara con ún é como ter un pase a lo inesperado”; y nun ye faltaba razón.

En Serandías celebrábanse varias festas al cabo del ano, como a de Sta. Marina y a de Os Remedios, pero neste caso trátase das del 15 d’agosto, fecha na que foi tomada esta foto y unde podemos ver el campo da festa abarrotao de xente bailando y escuitando a cuatro instrumentos en maos de músicos que fían todo lo posible por animar al público neste día de festa.

Trátase de *Os Alonso*, úa bandía de Miudes que tocaba de festa en festa todo el verao por os pueblos del occidente d’Asturias tratando cua súa música de qu’a posguerra queimase un pouco menos mentras los escuitabas.

De zapato fino y pelo recoyido iban todas as mozas al baile, que daquela fíase de tarde, porque de noite nun había iluminación y, anque la houbera, nun se yes deixaba tar hasta tarde. Ellos, col miyor traxe y sonrisa d’oreya a oreya, eran os que partían y trataban de bailar cua que yes gustaba.

A xente mayor más ben miraba cómo fían, charlaban entre ellos ou se convidaban.

Os nenos, corrían d’un llao pra outro enredando. Más ou menos como agora, vaya. Eso sí, al hora de fer a foto, todo el mundo quieto mirando pral fotógrafo.

Dos cuatro músicos temos, da izquierda á dereta, a Pepe del Bollo tocando a trompeta, a Gervasio d’Alonso col fliscorno, a Francisco d’Alonso col sou inseparable clarinete y a Onofre del Carbayo col bombardino. Francisco era el director y compositor das piezas que tocaban y xunto al resto da banda iban a pé undequera que los chamasen pra fer música.

Por tocar ese día y el siguiente ganaron 250 pesetas, gastos incluidos a nun ser el desgaste das pernas, que nunca lo cobraron a naide. Nun parecen muitos cuartos, pero nel época da que tamos falando sei eu que rendían ben.

Esta imaxen da orquesta –cedida por Suso d’Alonso– y outras muitas van salir en breve nun llibro dedicao a recordar as festas y bailes d’aquella época, y a sacar á lluz el obra original de Francisco Alonso, autor de más de 700 partituras compostas por él.

↓ Martín Pérez Álvarez





Secretaría Llingüística del Navia-Eo

INXERTU NA ACADEMIA DE LA LINGUA ASTURIANA



GOBIERNU DEL
PRINCIPÁU D'ASTURIES